## Sendeiro Circular da Costa de Soavela. O Hío

11,19 km.
Dificultade moderada

**Punto de saída: Aparcadoiro da igrexa e cruceiro do Hío.**

**A parroquia do Hío atópase no punto máis occidental da Península do Morrazo, nunha costa rochosa onde os cantís graníticos e o mar son os donos da paisaxe. No punto de partida do roteiro, pódese admirar o Cruceiro do Hío, considerado o cruceiro máis monumental e popular de Galicia, obra de Ignacio Cerviño no 1872. Seguidamente accédese, pola subida da Castiñeira, aos Montes do Hío, onde gozaremos das privilexiadas vistas sobre a ría de Aldán e a enseada de Vilariño, sobre a costa de Soavela, das pedras con "formas" e de distintos vestixios etnográficos e arqueolóxicos. Non será difícil atoparse coas cabriñas da Cooperativa Pouso da Serra facendo o seu traballo de "biosegadoras".**

*Punto de salida: Aparcamiento de la iglesia y cruceiro de O Hío.*

*La parroquia de O Hío se encuentra en el punto más occidental de la Península do Morrazo, en una costa rocosa donde los acantilados graníticos y el mar son los dueños del paisaje. En el punto de partida de la ruta, se puede admirar el Cruceiro do Hío, considerado el cruceiro más monumental y popular de Galicia, obra de Ignacio Cerviño en el 1872. Seguidamente se accede, por la subida de Castiñeira, a los Montes de O Hío, donde disfrutaremos de las privilegiadas vistas sobre la ría de Aldán y la ensenada de Vilariño, sobre la costa de Soavela, de las piedras con "formas" y de distintos vestigios etnográficos y arqueológicos. No será difícil encontrarse con las cabritas de la Cooperativa Pouso da Serra y su trabajo de "biosegadoras".*


Miradoiro do Pozo Negro.

# Rede de Sendeiros de Cangas

## O Hío, Castelo, Madalena, Varalonga, Coiro




cangas.gal
986392028

Concello de Cangas

## Sendeiro Circular do Monte do Castelo

5,6 km.
Dificultade moderada

**Puntos de saída: Capela de San Roque e Balcón do Rei.**

**O sendeiro do Monte do Castelo é un percorrido circular de pequena distancia, o cal é posible comezar dende dous lugares. Ó longo do mesmo poderemos observar érbedos, visitar o Balcón do Rei, o miradoiro da Pedra do Elefante, a Capela de San Roque e un dos montes máis singulares de Cangas e que lle da nome a este sendeiro: o Monte do Castelo. Este lugar é un miradoiro espectacular, e é así coñecido xa que a finais do século XII o Castelo de Darbo ou Daravelo foi erixido pola Mitra Compostelá. Formaba parte dun sistema defensivo xunto ao Monte Leboreiro, A Lanzada e a Torre de Meira, e foi destruído no século XV durante a II Guerra Irmandiña.**

*Puntos de salida: Capela de San Roque y Balcón do Rei.*

*El sendero del Monte do Castelo es un recorrido circular de pequeña distancia el cual es posible comenzar desde dos lugares. A lo largo del mismo se pueden observar madroños, visitar el Balcón do Rei, el mirador de la Pedra do Elefante, la Capilla de San Roque y uno de los montes más singulares de Cangas y que le da nombre a este sendero: el Monte do Castelo. Este lugar es un mirador espectacular, y es así conocido ya que a finales del siglo XII el Castillo de Darbo o Daravelo fue levantado por la Mitra Compostelana. Formaba parte de un sistema defensivo junto al Monte Leboreiro, A Lanzada y la Torre de Meira, y fue destruido en el siglo XV durante la II Guerra Irmandiña.*


Capela de San Roque.

## Sendeiro Circular de Varalonga

2,9 km.
Dificultade moderada

**Punto de saída: Aparcadoiro superior do Colexio Eduardo Pondal.**

**O Parque Forestal de Varalonga é un proxecto promovido polo Concello de Cangas e as Comunidades de Montes de Darbo e O Hío, que ten por obxectivo a recuperación deste espazo, promovendo a posta en valor do monte e satisfacendo as necesidades ecolóxicas, económicas, sociais e culturais. Durante o percorrido de case 3 quilómetros, gozaremos de lugares tan espectaculares como a Pedra do Boudañido, onde as impresionantes vistas sobre a Ría de Vigo, a praia de Liméns e as Cíes, compensan o desnivel que hai que salvar. Do mesmo xeito, poderemos pasear entre diferentes repoboacións de especies autóctonas tales como castiñeiros, carballos ou sobreiras.**

*Punto de salida: Aparcamiento superior del Colegio Eduardo Pondal.*

*El Parque Forestal de Varalonga es un proyecto promovido por el Ayuntamiento de Cangas y las Comunidades de Montes de Darbo y O Hío, que tiene por objetivo la recuperación de este espacio, promoviendo la puesta en valor del monte y satisfaciendo las necesidades ecológicas, económicas, sociales y culturales. Durante el recorrido de casi 3 kilómetros, disfrutaremos de lugares tan espectaculares como la Pedra do Boudañido, donde las impresionantes vistas sobre la Ría de Vigo, la playa de Liméns y las Cíes, compensan el desnivel que hay que salvar. Del mismo modo, podremos pasear entre diferentes repoblaciones de especies autóctonas tales como castaños, robles o alcornoques.*


Vista da Pedra do Boudañido.

## Sendeiro Circular da Serra da Madalena

**9,4 km.**
**Dificultade moderada**

**Puntos de saída:** Punto limpo, IES Monte Carrasco e IES María Soliño.

Este sendeiro pode partir de tres lugares, e caracterízase por ter múltiples miradoiros con vistas panorámicas sobre as rías de Vigo, Aldán e Pontevedra. Entre eles destacan o Monte Leboreiro (que é ademais un antigo xacemento castrexo no que se localizou un ara adicada ó deus Aerno) e o Trono da Raíña (unha curiosa pedra así coñecida por simular un asento) no lugar de Mesa de Montes. Ademáis, neste sendeiro é posible visitar o petróglifo prehistórico das Abelaires, e o lugar da Fonte da Ola, na que segundo a lenda, manaba auga ó subir a marea.

*Puntos de salida: Punto limpo, IES Monte Carrasco e IES María Soliño.*

*Este sendero puede arrancar de tres lugares, y se caracteriza por tener múltiples miradores con vistas panorámicas sobre las rías de Vigo, Aldán y Pontevedra. Entre ellos destacan el Monte Leboreiro (que es además un antiguo yacimiento castrexo en el que se localizó un ara dedicada al dios Aerno) y el Trono da Raíña (una curiosa piedra así conocida por simular un asiento) en el lugar de Mesa de Montes. Además, en este sendero es posible visitar el petroglifo prehistórico de Abelaires, y el lugar de Fonte da Ola, en el que según la leyenda, manaba agua al subir la marea.*

## Sendeiro Circular das Pedras de Coiro

**11,7 km.**
**Dificultade moderada**

**Puntos de saída:** Igrexa de San Salvador de Coiro e Capela de San Cosme.

O sendeiro das Pedras de Coiro pode comezar dende dous lugares emblemáticos, como son a Igrexa de San Salvador de Coiro ou a Capela de San Cosme. O nome do percorrido garda relación coas distintas rochas que forman a toponimia dos montes desta parroquia, como son a Pedrahedra (ou "Pedra dos fuxidos", pois cóntase que alí era onde os fuxidos se agochaban durante a Guerra Civil) ou a Pedra de San Gregorio. Ao longo do mesmo atravésanse diferentes soutos e carballeiras, sendo a natureza e as pedras as protagonistas do percorrido. No punto medio atópase a pequena fervenza do río Bouzós, un lugar de grande encanto.

*Puntos de salida: Iglesia de San Salvador de Coiro y Capilla de San Cosme.*

*El sendero de las Pedras de Coiro puede empezar desde dos lugares emblemáticos, como son la Iglesia de San Salvador de Coiro o la Capilla de San Cosme. El nombre del recorrido guarda relación con las distintas rocas que forman la toponimia de los montes de esta parroquia, como son la Pedrahedra (o "Pedra dos fuxidos", pues se cuenta que allí era donde los huídos se escondían durante la Guerra Civil) o la Pedra de San Gregorio. A lo largo del mismo se atraviesan diferentes castañares y robledales, siendo la naturaleza y las piedras las protagonistas del recorrido. En el punto medio se encuentra la pequeña cascada del río Bouzós, un lugar de gran encanto.*



Vista panorámica dende o Leboreiro.



Pedrahedra.




**Sendeiro Circular da Costa de Soavela, O Hío**
**Sendeiro da Serra da Madalena**
**Sendeiro Circular das Pedras de Coiro**
**Sendeiro Circular de Varalonga**
**Sendeiro Circular do Monte do Castelo**